

BANDO

A defensa da imaxe urbana e o fomento da súa valoración e mellora corresponde ao Concello. Por esa razón, aprobouse a regulación do réxime aplicable á actividade publicitaria visible desde a vía pública, como ferramenta que contribúa ao desenvolvemento da paisaxe urbana como manifestación formal da nosa realidade cultural e histórica.

Porén, fundamentalmente no ámbito da Cidade Histórica actividades dedicadas ao sector servizos e comercial, a miúdo estenden a súa actividade comercial á vía pública ou á fachada dos establecementos, xerando una imaxe discordante coa esencia da nosa cidade, que ten unha evidente vocación cultural e que é patrimonio da humanidade.

Coa finalidade de resolver esta problemática que adoita repetirse ano a ano, lembro a toda a cidadanía de Santiago de Compostela a normativa vixente en materia de protección do medio ambiente urbano e uso da vía pública; poñendo énfase no contido no Plan Especial de protección e rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago de Compostela.

Neste senso, ao abeiro da competencia que me outorga o artigo 124.4 g) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

DISPOÑO:

1. Queda prohibida, sen a previa autorización municipal, a fixación de carteis, a colocación de soportes e a manifestación de calquera actividade publicitaria en todo o ámbito do Plan Especial da Cidade Histórica.
2. Prohíbese expresamente a invasión da vía pública con calquera elemento ou produto destinado á venda ou exposición, así como a colocación destes nas fachadas dos edificios, xambas, dinteis, medianeiras ou outros lugares visibles desde a vía pública.

O incumprimento do disposto dará lugar á orde da retirada dos obxectos, á súa retirada polo Concello nos termos do disposto nos artigos 66 e 67 da Ordenanza municipal reguladora da publicidade e rotulación aprobada polo Pleno da Corporación o 26 de abril de 2012 (modificada por acordos de Pleno de datas 28 de xaneiro de 2012 e 31 de outubro de 2013), así como á imposición das sancións previstas na antedita ordenanza e na Lei reguladora das bases do réxime local 7/85, de 2 de abril.

Santiago, 29 de xuño de 2017

O ALCALDE

Martiño Noriega Sánchez